



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE PROMOCIÓN E IMPULSO DA XEOTERMIA EN GALICIA 2021-2023, O DESENVOLVEMENTO DUNHA METODOLOXÍA PARA A CUANTIFICACIÓN E ANÁLISE DE ALTERNATIVAS DE DISPOSICIÓN DUNHA BASE DE DATOS ACTUALIZADA DAS INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS REALIZADAS EN GALICIA E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E FORMACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade instrumental do sector público autonómico formalizou, ca Asociación Clúster da Xeotermia Galega (Acluxega), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31/12/2021.

Que o acordo de cooperación ten por obxecto establecer as condicións para a elaboración dun Plan conxunto para identificación das medidas e accións a poñer en marcha no período 2021-2023, os obxectivos que se prevé acadar nestes anos en relación coa enerxía xeotérmica en Galicia, incluíndo as correspondentes actividades de difusión.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamente no seguinte:

- A axencia Instituto Enerxético de Galicia poderá cooperar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado a través de convenios (art. 9.1 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 142/2016, do 22 de setembro).
- Coa presente actuación realízanse actividades de interese público, social e económico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes, exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 50.1. da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público e no artigo 15.2 e 15.3 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

